

COUSAS DE vilagarcía de arousa

Revista de
información local
nº1/ 2011



**SENDEIRISMO:
DE BAMIO A FONTEFRÍA**
| 4

**PARQUE ARQUEOLÓGICO
DE CAMPO LAMEIRO**
| 12

**PIONEIROS EN TURISMO
PARA INVIDENTES**
| 6

**A LENDA DE
PEPA A LOBA**
| 14



Busca en Galicia a garantía de calidade e servizo



Q é unha certificación do Instituto de Calidade Turística

Española que garante a calidade do servizo. Búscaa en

hoteis, balnearios, restaurantes, espazos naturais protexidos, casas rurais, axencias de viaxes e campamentos turísticos de Galicia...

Para máis información, chama ao **+ 34 902 200 432**

ÍNDICE

4	RUTAS
6	AROUSA
10	CULTURA
11	COUSAS
12	HISTORIA
14	LENDAS
15	COMUNICACIÓN
16	OCIO
18	AXENDA
20	DIRECTORIO
22	QUEN É QUEN

Nº 1/2011
Revista de información local

Xestión Publicidade:
cousasde@edicionesbasan.com

Edita:
EDICIONES BASAN, S.L.
C/ López de Neira, nº3 , 3º
36202 Vigo
Telf.: 986 447 337

Redacción:
QUATROYMEDIA COMUNICACIÓN

Depósito Legal:
C 2475-2010

Distribución:
PUBLICITY

A empresa se reserva todos os dereitos da publicación, sin que poida reproducirse total ou parcialmente o seu contido, sen o consentimento previo dos editores.

SENDEIRISMO DE BAMIO A FONTEFRÍA

Un itinerario ideal para descubrir petroglifos, cascadas e illas é o que vai de Bamio a Fontefría. Todo sucede nun entorno boscoso e abrigado pola vexetación do monte Xiabre que dende o seu punto máis alto, a 641 metros, ofrece extraordinarias vistas sobre a ría, e na parte máis baixa humedécese coas augas do encoro do Con.


Hai unha ruta perfectamente trazada e sinalizada, pero xunto a ela conviven incontables itinerarios e sendeiros sen sinalizar que cada quen pode descubrir por sí mesmo, con só ter certo espírito de aventura. Van tecendo entre sí unha rede que une unhas rutas con outras, para adentrarse no descubrimento de novos lugares.

Os que queiran evitar improvisacións e ir sobre seguro, seguindo a ruta senalizada, de 7,5 quilómetros, atoparán o punto de partida saíndo de Vilagarcía pola estrada C-550 en dirección a Santiago de Compostela e, unha vez pasado Carril, hai que continuar pola estrada de Bamio donde a 200 metros hai un novo desvío que leva aos petroglifos da "Pedra dos Ballotes", que representan cervos de gran tamaño, que poderían datar do final do terceiro milenio a.C.

Despois de visitar os petroglifos, a ruta continua ascendendo ata chegar a Pinar do Rei onde está o Refuxio Municipal de Animais. Máis adiante, chégase a un desvío, cun camino que transcorre pola ladeira do Monte Xiabre orientada a Catoira e Bamio. Desde alí obtense unha fermosa vista panorámica de Vilagarcía, a Ría de Arousa e a Serra do Barbanza. A un pouco máis de altura, observanse as illas situadas fronte a Carril -Cortegada, Malveiras, Briñas- Punta Fradiño e Punta Grandoiro.

Tamén a esa altura apréciase con detalle a desembocadura do Río Ulla e As Torres do Oeste. Seguindo o camiño, aparece Fontefría. Moi preto, o Río do Con forma unha pequena cascada. Dende alí, unha nova senda fluvial entre Fontefría e o encoro de Castroagudín permite disfrutar da paisaxe das ribeiras do río Con. Habilitada recentemente polo Concello de Vilagarcía, esta nova senda que vai de Fontefría a Castroagudín forma un paseo peonil que sigue o curso alto do río para lecer neste entorno natural rehabilitado, como parte do proxecto de conservación e posta en valor do ecosistema fluvial do río de O Con.

En futuras fases, está previsto continuar este proxecto ampliando a senda ata a zona de Parameán, para promover este entorno natural como un espazo recreativo e turístico, pero tamén vencellado a fins formativos.







A RÍA DE AROUSA, SERÁ PIONEIRA NA OFERTA TURÍSTICA PARA INVIDENTES

A Ría de Arousa vai ser o primeiro destino turístico adaptado a invidentes, grazas á iniciativa promovida pola Mancomunidade Arousa-Norte e Turismo Accesible, coa axuda da Fundación ONCE, a través de Vía Libre, e coa participación dun consorcio empresarial formado por restaurantes, casas rurais e empresas de ocio. Desta sinerxia, sae o primeiro paquete turístico integral para discapacitados visuais, que se concreta nun programa de fin de semana pensado para disfrutar das marabillas da zona, poñendo a pleno rendemento os outros catro sentidos: o oído, o olfato, o gusto e o tacto.

A primeira parada está no Mirador da Curota, onde os participantes perciben a brisa e os sons da serra, antes de adentrarse nun ambiente plenamente mariño. Además da experiencia sensorial, reciben explicacións por coordenadas sobre a localización de cada unha das poboacións, onde está o mar e as bateas, nun auténtico exercicio para a imaxinación.

A oferta continúa coa Ruta do mexillón, que a bordo de pequenas embarcacións leva aos visitantes ata as bateas, para poder oler, escoitar e tocar os aparellos que

empregan os mexilloeiros. Se o mal tempo impide embarcar, entón a actividade alternativa fai escala no Museo do Mar de Rianxo, onde os invidentes poden tocar os materiais, as ferramentas e reproducións a escala das embarcacións usadas para o ucltivo do mexillón. Outro museo adaptado é o Arqueolóxico de Barbanza, que permite coñecer, a través de letreiros en braille, réplicas das pezas e guías plenamente accesibles.

Outra actividade incluída nesta especializada oferta turística é un bautismo de buceo, nunha piscina climatizada piscina.

E para poñer a proba o sentido do gusto ao longo deste itinerario, algúns retsaurantes da zona ofrecen un menú degustación con produtos típicos da ría, co valor engadido de que o persoal destes establecementos recibiu formación axeitada para poder atender as necesidades especiais deste turistas.



TURISMO RÍAS BAIXAS CUMPRE 25 AÑOS

O Padroado de Turismo Rías Baixas celebrou unha gala o pasado mes de decembro para conmemorar o seu 25 aniversario, na que se fixo entrega de catorce distincións a organismos e asociacións que contribuíron ao desenvolvemento da oferta turística ao longo deste período. E que segundo sulíno o presidente, Jose Manuel Figueroa, "son alma e motor do sector na provincia e grazas a elas, as Rías Baixas melloraron a súa oferta e dotaron de importantes infraestruturas ao sector do turismo, situando ás Rías Baixas por primeira vez en 2010 entre os dez primeiros destinos turísticos de España".

O Padroado entregou tamén unha distinción especial ao Porto de Vigo, no que se incrementou a presenza de cruceiros en 2010, con 113 trasatlánticos e máis de 240.000 visitantes.



HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO RÍO DE O CON

Comezan as obras previstas no proxecto de humanización do entorno do río de O Con, cun presupuesto próximo a un millón de euros.

A primeira fase de humanización da zona ten como eixos principais a recuperación do aspecto natural da ribeira do río que vai pegada ao muro do pazo de Vista Alegre, resaltar a monumentalidade da antiga muralla de pedra e humanizar o tramo da rúa García de Caamaño posterior á praza de abastos, para facela peonil e mellorar a súa accesibilidade. A ponte de pedra do Arco de Vista Alegre manterase no seu emprazamento histórico e convertirase no principal eixo de comunicación entre Vista Alegre e a cidade.

Outro dos cambios será o da zona pola que agora discorre o paseo de baldosa que será substituída por unha pradera de césped e un paseo de madeira pegado á muralla facilitará os accesos.

E para rematar as murallas de pedra que bordean a finca do pazo de Vista Alegre recuperarán protagonismo, con iluminación da muralla desde o chan, instalación de bancos, luminarias e camelias que mellorarán a estética do entorno.

A UNIDADE DE RECOLLIDA DE ANIMAIS RETIRA DAS RÚAS 268 EXEMPLARES EN 2010

O pasado mes de novembro cumpriuse un ano da entrada en servizo da Unidade de Recollida de Animais, URA, dependente do Servizo Municipal de Emerxencias do Concello. Nestes primeiros 12 meses de ano, esta nova unidade realizou un intenso traballo, retirando das rúas e espazos públicos do municipio a un total de 268 animais, entre os que había cans, gatos e serpes, entre outros.

A URA recibiu neste primeiro ano un total de 586 avisos. As actuacións foron de diversa índole, dende animais que representaban riscos para a seguridade das persoas ou da circulación, ata exemplares abandonados, feridos e mesmo algúns que se atopaban es estado de hambruna e risco de perecer.

A URA foi adaptando os medios materiais dos que dispón ás características dos servizos, contando na actualidade cun vehículo adaptado con gaiolas independentes, botiquíns, redes, lazos e outros.

Por número, a especie canina é a que representa o maior número de recollidas, cun total de 229 cans. Tamén se retiraron das rúas 26 gatos e se capturaron tres serpes (na época estival). Na categoría de aves, foron recuperados dous patos, unha curuxa, un moucho, un periquiño e unha gaivota. Por último, a

Unidade de Recollida de Animais tamén se encargou de atrapar a un poni fuxido, unha ovella e mesmo dúas nutrias.



OFERTA con su gasóleo de calefacción

Descuento
de

0,010 € por litro
(1,67 pts.)

En pedidos superiores a 500 litros y presentando este "VALE"

...y muchos regalos esperándole!!

**Sólo se admite un VALE
por suministro**

No acumulable a otras ofertas.

LLÁMENOS AL 986 74 76 30



PLAN DE MOBILIDADE PARA ACABAR COAS BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS DA CIDADE

Unha cidade accesible para todos, ese é o principal obxectivo do Plan de Mobilidade de Vilagarcía, que se sustenta sobre o criterio da supresión das barreiras arquitectónicas, para facilitar o tránsito das persoas con algún tipo de discapacidade ou limitación funcional.

Eliminar pivotes, anhear as beirarrúas nalgúns tramos ou modificar a ubicación do mobiliario urbano son algúns dos elementos que configuran o plan para garantir a accesibilidade da cidade para todos, en cumprimento da Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Un dos eixes preferentes plasmados no Plan de Mobilidade é a humanización das rúas do municipio, de xeito que as beirarrúas deberán ter unha anchura libre de obstáculos de entre 1,80 e 0,90 metros nos itinerarios peonís. Os carteis irán colocados a unha altura mínima de 2,10 metros e os teléfonos públicos e os pulsadores dos semáforos a 1,40 metros como máximo.

Estas son algunhas das actuacións previstas como parte do Plan de Mobilidade, para que Vilagarcía sexa unha cidade plenamente accesible.



Tobiauto

2 años de garantía en todas las reparaciones
Personal especializado

* Pre-ITV Gratuita

* 40 % Descuento en aceite y filtros de aceite

* Neumáticos Firestone desde 50€

* Servicio de líquido de frenos 24 €

Paga hasta en **6 meses** sin intereses

AVD PONTEVEDRA SN
VILLAGARCIA
986511314

BAYUCA SN
CATOIRA
986546808

PLG LALÍN 2000
LALÍN
986782277

FESTIVAL DO NORTE 2011

Dende os seus comezos no ano 2000, o Festival do Norte de Vilagarcía consolidouse tras dez edicións como unha das citas máis importantes do panorama musical español, capaz de apostar simultaneamente polas producións máis vangardistas dos creadores máis novos, xunto coas de artistas consolidados.

Os miles de fans que cada ano chegan ata Vilagarcía na procura dunha fin de semana especial no Festival do Norte, considerado por algúns a romaría indie por excelencia do panorama festivaleiro galaico, xa poden reservar datas para a vindeira edición. Será os días 6 e 7 de maio no Recinto Feiral Exterior de Fexdega, con algunhas actuacións xa confirmadas. Por exemplo, Peter Hook, !!! (Chk Chk Chk), The Vaselines, Chapel Club, London Guns, Nadadora, e Los Planetas DJ's.

Venda de entradas e abonos en: www.servinova.com

Venda telefónica Servinova: 902 504 500.

FESTIVAL DO NORTE



A VILAGARCÍA BASKET CUP VOLTA A FONTECARMOA

A organización da Vilagarcía Basket Cup, VBC, decidiu levar de volta a competición ao pavillón de Fontecarmoa para a edición de 2011, que terá lugar do 21 ao 23 de abril, despois de tres anos celebrándose no recinto de Fexdega.

Na vindeira edición haberá outras novidades, como o formato que será de catro equipos, catro seleccións nacionais sub-18, xogando dous encontros por día.

A organización ten previsto instalar unha carpa xigante na zoa de entrada e aparcadoiro do pavillón, que servirá de espazo de ocio para os participantes na VBC Future Stars, os que interveñan no torneo de base e para o público en xeral.

Pero, sobretudo, pretende potenciar o Future Stars, que este ano se celebrará por segunda vez, con equipos de España e Portugal. Serán seis conxuntos masculinos e outros seis femininos, nas categorías infantil, cadete e junior.

O comité organizador calcula en conxunto a presenza de preto de 1.200 xogadores, cunha media diaria de 400 mozos practicando baloncesto nas instalacións de Fontecarmoa.



VITALDENT

CUIDA LA SALUD BUCODENTAL DE LOS VECINOS DE VILLAGARCÍA

Ya han pasado cinco años desde la apertura de la Clínica Vitaldent de Villagarcía, en este tiempo son más de 10.000 vecinos los que se han acercado a probar los servicios y facilidades que ponen a su disposición en Clínicas Vitaldent.

La Clínica Vitaldent de Villagarcía cuenta con sistemas de última generación en implantes inmediatos que han logrado rebajar a una única sesión el tiempo de espera para conseguir una dentadura funcional, después de someterse a una sencilla intervención.

El sistema **ALL ON FOUR** es el encargado de simplificar el tratamiento para ofrecer comodidad al paciente. La Clínica Vitaldent de Villagarcía, tiene descuentos especiales para los Pensionistas y Tercera Edad durante este cuatrimestre del año 2011.



GARANTÍA DE POR VIDA EN PRÓTESIS FIJAS

VILLAGARCÍA DE AROSA

C/ Rodrigo de Mendoza, 6

986 500 455

Pide ahora tu cita on line

www.vitaldent.com

MÁIS VILLAGARCÍAS...

Villagarcía comparte topónimo con outras localidades de diferentes provincias de España. Vexamos algúns exemplos.

VILLAGARCÍA DEL LLANO (CUENCA)

É un pobo da Manchuela conquense situado no límite coa provincia de Albacete. Ten algo menos de 1.000 habitantes que se dedican principalmente á agricultura. Celebra as Festas de Verano durante a primeira semana de agosto e Festas na honra da súa patrona, a Virxe do Rosario, o primeiro domingo de outubro, cun sonoro espectáculo de pólvora da víspera e a "despertá da pita" (dulzaina e tamboril) do propio día festivo, seguida da procesión.



VILLAGARCIA DE CAMPOS (VALLADOLID)

É unha localidade con moita historia, na que viviu Juan de Austria. Situada a 53 km da capital, Valladolid, é un privilegiado mirador do conxunto da Terra de Campos. Desde o alto dos Montes Torozos, contéplase a extensión infinita de campos característicos da llanura de Castilla. En 1319 a titularidade da vila recaeu en María de Molina, pasando no século XV a ser señorío da familia Quijada. Foi naquel período e coincidindo con esta familia, titora e educadora de Jeromín, fillo natural do Emperador Carlos V, cando Villagarcía de Campos alcanzou o seu máximo esplendor.

Jeromín foi confiado polo rei a Luís de Quijada e a súa muller, Magdalena de Ulloa, para a súa educación. Pasou parte da súa infancia no castelo de Villagarcía. En 1559, con 12 anos de idade e morto Carlos V, Felipe II recoñeceu ao mozo como irmán de pai, cambiando o seu nome polo de Juan de Austria.



VILLAGARCIA DE LA TORRE (BADAJOZ)

Debe o seu nome ao mestre da Orde de Santiago García Fernández. A segunda parte do nome, De La Torre, débese ao apelido dun dos seus fillos máis ilustres: Juan de la Torre.

Famoso polo seu castelo señorial construído no século XV, do que na actualidade só se conserva a torre da homenaxe, parte dos muros exteriores e outros restos, sobre os que aínda se aprecian as armas do primeiro señor da vila, Luis Ponce de León.

Destacan tamén a Igrexa Parroquial de Nosa Señora de Araceli, o Convento da Mercede, a Antiga Posada, e casas solariegas, como a do Duque de Osuna.



O PARQUE ARQUEOLÓXICO DA ARTE RUPESTRE DE CAMPO LAMEIRO ABRIRÁ ESTE ANO




As Rías Baixas caracterízanse pola riqueza e diversidade do seu patrimonio arqueolóxico, sendo os gravados rupestres ao aire libre –petroglifos– os elementos máis significativos e emblemáticos. Están localizados en peñascos e pedras graníticas, presentan un surco moi erosionado e, en ocasións, difícil de observar. Polo xeral, diferencianse dous tipos de deseños: os figurativos, que representan cervos, cabalos, figuras humanas e armas; e os abstractos, que reproducen incomprensibles combinacións circulares.

Os conxuntos de petroglifos sitúanse nas ladeiras das serras, ás veces rodeando brañas ou nas liñas de tránsito que comunican estas zonas cos lugares onde estaban os poboados. E, comunmente, eran expresións artísticas das sociedades prehistóricas relacionadas con actividades de carácter ritual ou relixioso.

A maior concentración de gravados rupestres de Galicia discorre ao longo do curso medio do río Lérez ao seu paso polos municipios de Campo Lameiro e Cotobade. E para asegurar a súa conservación, está en proxecto o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre en Campo Lameiro, que se abrirá en 2011, no marco da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico.

O Parque Arqueolóxico estará situado no monte Paradela, entre os lugares de Paredes e Praderrei, ocupando unha superficie de 218.720 metros cadrados que reúne medio centenar de pedras con gravados. Estas pezas constitúen un importante referente e para o seu estudo, contará cun Centro de Interpretación e documentación de preto de 5.000 metros cadrados. O Centro de



PETROGLIFOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A provincia de Pontevedra é unha das zonas de Europa con maior concentración de grabados rupestres, sobre todo petroglifos. Os principais achagos produciéronse no val do río Lérez, no municipio de Vigo e na comarca do Baixo Miño. Desde os de Campo Lameiro ata o castro de Santa Tegra na desembocadura do Miño, pasando por Cotobade (a “Pedra das Ferraduras” en Fentáns) ou os labirintos de Mogor en Marín.

Máis recentemente, tras os incendios de 2007 que deixaron ao descuberto numerosas superficies graníticas ilustradas con gravados, localizáronse no Monte Xiabre, no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, doce novas estacións rupestres con 27 superficies gravadas. Os motivos máis representados son as cazoletas, pero tamén aparecen combinacións circulares, alfabetiformes, cruciformes ou ovaladas.

Coa cantidade de superficies gravadas descubertas na zona, o Monte Xiabre convértese nun interesante foco de arte rupestre de gran atractivo, unido ás súas excepciónais condicións como mirador para ter unha visión espectacular da Ría de Arousa e do seu conxunto de illas, a Illa de Arousa, a Toxa, Cortegada, Ons e Cíes.

Interpretación da Arte Rupestre ten, entre outros obxectivos, a ampliación expositiva dun ámbito territorial no que se atopan varios e importantes conxuntos de gravados e que coa recuperación paisaxística deste ámbito permite unha maior comprensión destes elementos no seu entorno natural e garantir a súa protección e conservación.

Esta faceta divulgativa do patrimonio complementarase coa creación dun Centro de Investigación e Documentación da Arte Rupestre, que permita dispor da infraestrutura necesaria para a súa catalogación, estudo e análises.

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre favorecerá a protección e conservación dunha manifestación cultural extraordinariamente fráxil e contribuirá á divulgación da riqueza do patrimonio de arte rupestre ao aire libre, tan amplo en Galicia.

¿SABÍAS QUE...?

A futura Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico, que promove a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, estará integrada polo Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro (Pontevedra), o Centro de Interpretación e Museo da Romanización de Lugo, o Parque do Megalitismo da Costa da Morte (A Coruña), e o Parque de San Cibrao de Las (Ourense), para ofrecer unha visión ampla e completa do noso patrimonio arqueolóxico ao longo das catro provincias. Os dous primeiros centros abrirán en 2011: o de Campo Lameiro e o de San Cibrao de Las.

A Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico pretende ser un instrumento para que as raíces da nosa cultura estean protexidas e conservadas.

A Lenda de PEPA A LOBA



Os lobos son frecuentes protagonistas na cultura popular galega, na que están presentes baixo moi distintas aparencias. Ás veces, presentanse como animais feroces; outras cunha potencia e poderes extraordinarios; e outras, con inclinacións malditas próximas á loucura.

Esas portentosas atribucións toman corpo en Pepa a Loba, a lenda dunha muller extraordinariamente decidida, posuída por unha enorme forza e valentía. A máis famosa bandoleira galega, cuxo lugar de nacemento na provincia de Pontevedra non está claramente determinado, pero sí hai a certeza de que foi no seo dunha casa humilde. A súa nai era coñecida como A Falucha, mentres o pai era descoñecido, atribuíndo os veciños a paternidade a Albeite, irmán do tendeiro do pobo.

Sendo moi cativa, comezou a traballar no campo coitando as ovellas da súa tía Dorinda e naqueles primeiros anos da súa vida foi cando se gañou o sobrenome de Pepa a Loba, tras enfrontarse a palos cun lobo que atacou ao seu rebaño. Pepa prantou cara ao lobo cun pao coa axuda do seu can, Lueiro, co resultado do lobo morto e a pequena malferida.

Esa fazaña e a morte temprana da súa nai marcaron a infancia de Pepa que, ao quedar orfa, pasou a estar ao coidado de Dorinda, véndose obrigada a mendigar por feiras e mercados e a seguir traballando no campo.

Anos despois, Dorinda obriga a Pepa a vivir co tendeiro do pobo, coa esperanza de que fosen amantes e así conseguir algún trato de favor do comerciante.

Pero o tendeiro, no canto de tratala como unha amante, decide darlle o trato propio dunha filla e contrata a un estudante para que se ocupe da súa formación. Os dous mozos namoranse. E ao pouco tempo o tendeiro é asasinado cun coitelo de cociña clavado no peito. Pepa

foi encarcerada como sospeitosa e condenada a cadea perpetua.

Pero no pobo había sospeitas de que o crime tiña sido cometido por Albeite, irmán do tendeiro, do que supoñían era pai de Pepa. Ela permanece no cárcere de Pontevedra durante moito tempo, no que se vai convertindo nunha muller chea de rencor e con enormes desexos de vinganza. Disfrazada de cura, consegue fuxir do cárcere, obsesionada con vingarse de Albeite. Axudada unha vez máis polo seu can Lueiro, conseguiu acabar coa vida deste, levando o seu cadáver ao monte para ser devorado polos lobos. Ese sería o primeiro crime de Pepa a Loba, que se ve obrigada a fuxir a vivir ao monte e formar unha banda de bandoleiros cos que realiza numerosos robos, crimes e asaltos.

A provincia de Pontevedra sufríu o maior número de actuacións, asaltos a caminantes, pazos e casas rectoriais. Pero non foi a única. A lenda sitúa as andanzas de Pepa a loba tamén no Cebreiro, onde se contan asedios na Seara do Courel, restitución de bens a vítimas de asaltos en Campelo de Ruqueira ou refuxios en Donís, para ocultarse das autoridades.

Contan que Pepa a Loba morreu nun dos asaltos, cando lle botaron aceite fervendo, poñendo así fin aos días dunha muller que foi temida e admirada, por igual.

O atractivo de Pepa a Loba é tal, que mesmo ten sido fonte de inspiración creativa, literaria e musical. O escritor Carlos González Reigosa publicou un libro no que leva ao plano literario esta figura, que se move entre a lenda e a historia. O autor realiza neste libro un traballo de investigación histórica para facer literatura sobre este personaxe tan destacado do imaxinario colectivo galego. E Os Herdeiros da Cruz titularon co nome de 'A cuadrilla de Pepa a Loba' un dos seus discos.

A SETE CANALRIASBAIXAS:

16 anos sendo a televisión local de Vilagarcía

Ó ser Vilagarcía a capital da Ría de Arousa, é un dos Concellos que máis volume de información produce, e máis expectación esperta. Conscientes desta importancia, a Sete Canalriasbaixas leva 16 anos prestando especial atención a tódalas novas referentes a este Concello e o seu contorno.

Telesalnés Barbanza mudou o seu nome polo de **A SETE CANALRIASBAIXAS** por ter ampliado a súa cobertura de xeito expoñencial a tódolos concellos que compoñen as Rías Baixas.

Xa baixo o nome de A Sete Canalriasbaixas-, esta canle de televisión local ven gravando e retransmitindo a diario os acontecementos e novas máis destacadas de Vilagarcía e a súa comarca; xunto cos actos máis significativos da súa actualidade social, cultural, marítima e deportiva.

Os cidadáns de Vilagarcía, a través de **A SETE CANALRIASBAIXAS**, poden acceder a todo canto acontece nas Rías Baixas dun xeito riguroso e obxectivo.



Programa D x 7



Desde Poio ata Carnota, o sinal de TDT de A SETE CANALRIASBAIXAS chega, as vinte e catro horas do día, a máis de 300.000 telespectadores potenciais.

Esto é posible grazas a súa completa rede de repetidores:

- Xiabre en Catoira.
- Castrove en Meis
- Pastoriza en Marín
- Serres, en Muros
- San Lois, en Noia

O repetidor de Xiabre é o que emite cara a Vilagarcía a través da canle 47 de UHF.

Unha vez que sintonice A SETE CANALRIASBAIXAS no seu televisor, gárdealo no número 7 do seu mando, para ter máis a man a información que lle toca máis de preto.

Os internautas poden coñecer, en www.canalriasbaixas.com, todo aquilo que acontece na súa comarca e ver os programas do canal a través de www.canalriasbaixas.tv

Proximamente, a programación de A SETE CANALRIASBAIXAS, tamén se poderá ver a través do operador galego de cable, R

Programación especial Municipais 2011

As eleccións municipais do vindeiro 22 de Maio en Vilagarcía serán, sen dúbida, as máis disputadas da comarca.

Mediante programas de debate, entrevistas e noticias diarias dará conta de como evoluciona esta intensa contenda electoral.

Como xa é tradición, A SETE CANALRIASBAIXAS emitirá debates electorais cos candidatos de cada concello do Salnés, facendo tamén entrevistas aos líderes das distintas formacións para coñecer os seus programas.

Expectación e moita audiencia, están asegurada na programación das noites de A SETE CANALRIASBAIXAS.



Programa Pleno Aberto

A maiores da política, a SETE CANALRIASBAIXAS aposta pola programación propia con programas dedicados ó entretemento, ós deportes, ás variedades e todo canto lle queiras pedir a túa canle de televisión máis próxima



Programa O Compas

A Sete CANALRIASBAIXAS

O Salnés, Caldas, Barbanza, Muros e Noia

A túa televisión local en TDT



Búscanos na canle 47 de UHF

Máis información: www.canalriasbaixas.com/tdt ou no TLF. 986 710 741

MÚSICA



SOAS, de CRISTINA PATO e ROSA CEDRÓN

"Soas" é o resultado creativo da combinación de dúas artistas galegas de proxección internacional: a pianista e gaiteira Cristina Pato e a cantante e violonchelista Rosa Cedrón. Ambas, estreitamente vinculadas coa música galega e ambas teñen en común unha sólida e académica carreira clásica. A idea de mesturar a música tradicional galega coa música clásica é a orixe do proxecto "Soas". Calidez e sensualidade, en estado puro.

"Muller" o tema principal do seu primeiro traballo xuntas, impregnado de amor e paixón. Para construír "Muller", Cristina e Rosa seleccionaron algunhas das cancións tradicionais galegas máis significativas: María Soliña, Unha noite na eira do trigo e Heicho de dar e arranxáronas para voz, piano e orquestra. Tamén incluíron as súas propias composicións nun disco que combina dous partes de sensibilidades complementarias: Soas, piano e voz e Soas, coa Bratislava Symphony Orchestra, interpretando os arranxos do compositor galego Octavio Vázquez.


20 AÑOS, de CÓMPLICES



O grupo vigués celebra dúas décadas no mundo da música coa publicación do disco 20 anos, nel, Teo Cardalda e María Monsonis versionan os seus éxitos coa colaboración de artistas como El Sueño de Morfeo, Pignoise, Mónica Naranjo, Diana Navarro, Sole Giménez, Iván Ferreiro, Rosana, Nacho Campillo,

Huecco, Javier Ojeda, Navajita Plateá, Jaime Terrón (Melocos), Álvaro Urquijo e David DeMaría.

KOSMOGONIAS, de BERROGÜETTO



Un dos grupos galegos claves e con maior repercusión a nivel internacional. Nominado en 2002 aos Premios Grammy Latino na categoría de "Mellor álbum de folk". Berrogüetto introduce interesantes matices de innovación e experimentación na música tradicional gallega. Compuesto por once

temas, Kosmogonías es é unha reflexión entre a humanidade e a súa relación co universo, unha chamada chea de optimismo cara a consecución dun sistema de organización máis xusto. Coa voz de Xabier Díaz e a aportación de todos os seus componentes, Berrogüetto inspírase en aquelas vontades colectivas ou individuais que cos seus xestos e actitudes traballan para mellorar a súa contorna.


ALBORADA DO BRASIL, de CARLOS NÚÑEZ



Alborada do Brasil, o novo álbum de Carlos Núñez é unha viaxe extraordinaria en busca das conexións musicais entre Galicia e Brasil, unha das mellores obras que dado deu a brillante carreira deste artista vigués. Alborada do Brasil é un exemplo de artesanía musical en que Carlos Núñez rodeu de moito do

mellor da música brasileira. O disco está producido por Alê Siqueira (Tribalistas, Carlinhos Brown, Omara Portuondo...) e Mario Caldato Jr. (Beastie Boys, Marisa Monte, Manu Chao...). Ademais no disco aparecen como músicos convidados, entre os case cen que tocan nel, The Chieftains, Carlinhos Brown, Lenine, Adriana Calcanhotto, Jaques Morelenbaum, Dominguinhos, Fernanda Takai, Yamandú Costa, a Escola do Samba Beija Flor, Wilson das Neves, Dj CIA...

1960 de CORNELIUS 1960



É o segundo disco de Cornelius 1960, grupo pop procedente de Vilagarcía de Arousa creado no ano 2004, que mestura rock, funky e pop. Para este disco contaron coa produción de Mick Glossop (produtor de Van Morrison, Frank Zappa ou Suede) e quen coñeceu a Cornelius 1960 a través do portal MySpace

<http://www.myspace.com/cornelius1960>. O enxeño de mastering Tatsuya Sato (enxeñeiro de Madonna, Rihanna, Amy Winehouse) participou tamén nesta obra que nas súas palabras «é unha combinación perfecta de rock, funky e pop».

LITERATURA


A FAMILIA C



Autor: Pep Bruno,
Editorial: Kalandraka
Editora, 2010 | **Infantil-Xuvenil**

Sinopse: A familia C (C de circo) é unha familia que adora o ambiente circense e ese amor pola fantasía, o xogo de irreal-realidade, é o que permite que a rutina dos seus días se impregne

de ilusión. Unha proposta refrescante para se enfrontar ao día a día con outros ollos nestes tempos grises, que invita á descuberta dos múltiples segredos que agocha a rutina.



TODO É SILENCIO

Autor: Manuel Rivas
Editorial: Edicións Xerais
de Galicia, 2010 |
Narrativa

Sinopse: Todo é silencio narra o irresistible ascenso social de Mariscal, un capo contrabandista, e das almas que habitan Brêtema, o universo que domina ao seu antollo. En Brêtema, na

costa atlántica, houbo un tempo en que as redes do contrabando, reconvertidas ao narcotráfico, acadaron tanto poder que estiveron moi preto de controlar o poder social e as institucións. Todo é silencio narra tamén a vida dun grupo de amigos, aos que une dende a infancia o andar á crebas, á procura de restos de naufraxios, no escenario sempre sorprendente do mar de Galicia. Ese mar que fala cos signos que deita na beira. Dende moi pronto, o destino da xente nova estará determinado pola sombra odiosa e engaiolante a un tempo do omnipotente Mariscal. Unha novela, Todo é silencio, que relata como os círculos do crime rodean e corrompen, non sempre con éxito, o extraño feitizo da condición humana.

Depi-del

En tu nuevo Centro DEPIDEL podrás disfrutar de un amplio abanico de posibilidades en servicios, productos y tratamientos. Antes de que nos visites te adelantamos algunas de nuestras propuestas más eficaces y atractivas:

ULTRACAVITACIÓN. Indiscutiblemente el más desarrollado sistema de última generación lo tenemos nosotros, perfecto para tratar adiposidad y celulitis. Un tratamiento acompañado por un estudio gratuito de tu morfología y realizado a tu medida.

FOTOREJUVENECIMIENTO. Despidete de manchas, arrugas, cutis apagados y sin luz. Con nuestro sistema descubrirás hasta que punto tu rostro puede brillar con luz propia, sin agresiones, de forma natural y progresiva.

DEPILACION IPL. Te ofrecemos un sistema patentado y único. Efectivo con vello negro, rubio e incluso canas. Comprobarás que no todas las depilaciones son iguales, la nuestra es única en eficacia y fiabilidad.

TRATAMIENTOS INTEGRALES DE BELLEZA. Déjate sorprender con nuestra amplia carta de atractivas propuestas. ¡Seguro que encuentras las que deseas!

Pero en DEPIDEL tenemos mucho más que ofrecerte, en nuestro establecimiento encontrarás una zona shopping muy bien surtida con productos cosméticos, de higiene diaria, específicos de tratamiento y también pensando en ellos una selección de cosmética masculina. Marcas de reconocida eficacia a tu alcance, ahora mas fácil que nunca.

¿Todavía crees que la belleza es cara?

Estamos convencidos que nuestro éxito se basa en resultados y en una clientela fiel, pero además en DEPIDEL pensamos que estar bien, sentirse bien no ha de ser especialmente costoso para tu bolsillo.

Te estamos esperando, queremos mostrarte todas las posibilidades que te podemos ofrecer y ser tu centro de belleza de referencia.

Recuerda nos vemos en DEPIDEL



Avd. doctor Tournon 60. Bajo. 986 189 422. Vilagarcía de Arousa

AXENDA GALICIA

-FEIRAS SECTORIAIS-

EXPOFERTA ZONA ABERTA

Do 25 ao 27 febreiro de 2011

Recinto feiral Fexdega, Vilagarcía de Arousa

A Asociación de Comerciantes de Vilagarcía expon os stocks docomercio local.

-CONCERTOS-

SONS DA DIVERSIDADE

Auditorio de Galicia- Santiago de Compostela

12 de febreiro - 21 horas

Mari Boine

26 de marzo - 21 horas

Ana Moura

16 de abril - 21 horas

Hindi Zahra

FESTIVAL DO NORTE 2011

Recinto feiral de Fexdega, Vilagarcía de Arousa

Convertido nun punto de encontro para miles de mozos, no que se dan cita xornalistas e artistas procedentes de numerosos puntos de España, Europa e mesmo doutros continentes. Este ano coas actuacións de Peter hook, !!! (Chk Chk Chk) , The vaselines, Chapel Club, London guns, Nadadora e Los Planetas DJ'S (J e Florent).

Venda abonos e entradas en:

www.servinova.com e no teléfono 902 504 500.

FEIRAS MENSUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Redondela:

Feira de Chapela: días 2 e 16 de cada mes.

Feira de Redondela: días 6 e 21 de cada mes

A Cañiza: días 6 e 20 de cada mes

Bueu: todos os xoves

Cangas: todos os martes e venres na Alameda

Campo Lameiro (O Campo): días 4 e 20 de cada mes.

Dozón:

Feira da Gouxá: días 11 e 21 de cada mes.

Forcarei:

Forcarei: día 5 de cada mes

Feira de Soutelo: último mércores de mes

Moaña: todos os mércores e sábados

Pontevedra:

Feira do Gando: días 1 e 15 de cada mes.

Mercadillo: días 1, 8, 15 e 23 de cada mes.

Mercadillo de Estibela: todos os mércores pola mañá

Rodeiro:

Feira de Río: día 15 de cada mes

Feira de Rodeiro: día 28 de cada mes

Soutomaior:

Arcade: Feira que se celebra os días 13 e 26 de cada mes en horario de mañá de 9:00 a 14:00 horas.

Tomiño:

Goián: todos os venres

Tomiño: todos los mércores

Vigo:

Feira de Bouzas: todos os domingos.

Mercadillo de Coia: todos os mércores

Mercadillo Numismático: todos os domingos

Cadenas
Pulseras
Sortijas
Relojes
Lingotes

ORO INVERSIÓN

COMPRAMOS ORO

Oro
deteriorado
pasado de
moda

LA MEJOR TASACIÓN DE LA PROVINCIA
COMPRUEBELO ANTES DE VENDER SU ORO
Y OBTENGA EL MÁXIMO BENEFICIO.

RUA CERVANTES, 8 Entresuelo Izda. (Calle de telefónica)
VILAGARCÍA DE AROUSA Tlf. 886 215 264

POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, nace en Vilagarcía de Arousa en el año 1984. Fruto del trabajo y la innovación constante de sus propietarios Eduardo Martínez Taboada y Eduardo Martínez Lorenzo, en el año 1992, se construye el primer tanatorio de la provincia de Pontevedra, el Tanatorio de Arosa.

Ahora mismo, tiene dos tanatorios activos, **Tanatorio de Arosa** y **Tanatorio del Salnés** (Cambados), y en breve, se inaugurará el **Tanatorio de Catoira**.

Dispone de un equipo de profesionales titulados en Tanatopraxia por la Facultad de Medicina de Salamanca y Serveis Funeraris de Barcelona.

Empresa comprometida con la calidad del servicio y la atención al cliente, certificada desde hace más de seis años con la Norma UNE-EN-ISO 9001.

Actualmente, la empresa está dirigida por la tercera generación, nietos e hijos de los fundadores.

Entre sus servicios está la tramitación de todo tipo de servicios relacionados con los decesos, tanto entierros religiosos, civiles, traslados nacionales e internacionales, servicios de floristería, extracción de ADN para pruebas genéticas, traslados de cenizas, confección de lápidas, pésames electrónicos a través de la web **www.tanatorioarosa.com**, incineración, publicación de esquelas, etc.



pompas fúnebres
de
arosa



- Servicios fúnebres en toda Galicia
- Traslados nacionales e internacionales
- Profesionales titulados en Tanatopraxia
- Solicitudes on-line de literales y últimas voluntades
- Extracción y conservación de A.D.N.
- Servicio Floral
- Lápidas

*"Alrededor del sepelio surgen muchas dudas.
Nosotros le damos las respuestas"*

POMPAS FUNEBRES DE AROSA

www.tanatorioarosa.com
e-mail: contacto@tanatorioarosa.com
Telf.: 986 50 11 01 • Fax: 986 50 58 46

TANATORIO DE AROSA

Avd. de Pontevedra, n.º 21
Vilagarcía de Arousa
Telf.: 986 50 11 03

TANATORIO DEL SALNÉS

Avd. de la Pastora, s/n
Cambados
Telf.: 986 54 26 93

SERVIZOS E TELÉFONOS DE INTERESE DE VILAGARCÍA DE AROUSA



ORGANISMOS MUNICIPAIS

Centraliña	986 099 200
Alcaldía	986 565 820
Atención o cidadán (ext. 332)	986 099 200
Biblioteca	986 565 528
Casa da Cultura	986 505 661
Cemiterios (ext. 340)	986 099 200
Consumo (OMIC) (ext. 229)	986 099 200
Contabilidade (ext. 422)	986 099 200
Contratación (ext. 313)	986 099 200
Cultura (ext. 102/201)	986 099 200
Desenvolvemento local (ext. 204/213/214)	986 099 200
Escola de música	986 510 770
Escola taller	986 509 221
Gardería municipal	986 508 068
Medio ambiente (ext. 212)	986 099 200
Muller (ext. 107/207)	986 099 200
Oficina periférica de Carril	986 509 117
Rexistro civil	986 501 873
Rexistro propiedade	986 505 562
Rexistro xeral (ext. 337)	986 099 200
Secretaría (ext. 319)	986 099 200
Servicio Galego de Colocación (ext. 228)	986 099 200
Servicio P.A. Drogodependencias	986 099 200
Servicios sociais	986 099 200



URXENCIAS

Emerxencias	012
Policia Local (ext. 114)	986 099 200
Garda Civil	986 500 257
Búsqueda e Salvamento Marítimo	981 544 070
Información da Garda Civil	900 101 062
Bombeiros de Vigo	986 433 333



DEPORTES

Fundación de deportes (ext. 220/219)	986 099 200
Pavillón de deportes	986 507 400
Piscina municipal	986 512 716

OUTROS

Aduana	986 500 303
Autoridade portuaria	986 565 131
Axencia tributaria	986 506 411
Cámara de comercio	986 565 286
Capitanía marítima	986 565 314
Comandancia de Marina	986 505 309
Comedor Social (Cáritas)	986 565 391
Correos	986 500 724
Extensión agraria	986 500 973



TRANSPORTES

Aeroporto Peinador (Vigo)	986 268 200
Aeroporto Lavacolla (Santiago)	981 547 501
Aeroporto Alvedro (A Coruña)	981 187 200
Autobuses (Vilagarcía)	986 507 723
Autobuses (Pontevedra)	986 852 408
Autobuses (Vigo)	986 373 411
Renfe - Estación de Tren	986 501 601



SAUDE

Ambulancias	986 501 101
Ambulatorio	986 507 448
Centro de Saúde	986 501 860
Centro social da terceira idade	986 507 127
Centro social de Vilaxoán	986 508 417
Cruz Vermella	986 512 244
Hospital Comarcal do Salnés	986 568 000
I.S.M	986 501 781
Residencia de Anciáns	986 501 902

OPTICALIA® VILAGARCÍA

R/Covadonga, 9. 36600 Vilagarcía de Arousa. Tel: **986 505 097**

CENTRO ÓPTICO
Y OPTOMÉTRICO
ESPECIALIZADO

EVALUACIÓN
OPTOMÉTRICA
COMPLETA

VISION INFANTIL:
OPTOMETRÍA
PEDIÁTRICA

PROBLEMAS DE
APRENDIZAJE
RELACIONADOS
CON LA VISIÓN

AMBLIOPÍAS
(OJO VAGO)

TERAPIA VISUAL:
OPTOMETRÍA
COMPORTAMENTAL

CONTACTOLOGÍA
ESPECIALIZADA





ORGANISMOS OFICIAIS

Pontevedra e provincia

Oficina de Turismo (Xunta de Galicia)	986 850 814
Oficina de Turismo O.A.L Turismo	986 842 690
Oficina de Turismo de Vigo	986 430 577
Oficina Municipal de Turismo de Sanxenxo	
Oficina Municipal de Turismo de Tui	986 601 789
Oficina Municipal de Turismo de Marín	986 880 300
Oficina Municipal de Turismo de O Grove	986 731 415
Concello Pontevedra	986 804 300
Deputación de Pontevedra	986 847 319
Seguridade Social Pontevedra	986 805 800
Depósito de Vehículos-Grúa Pontevedra	986 858 710
Xulgados	986 862 846
DNI e Pasaporte	986 852 408

Xerais

Rexistro Civil	986 833 018
Tribunal Constitucional	915 490 400
Insero	900 211 112
Instituto Nacional de Seguridade Social	986 805 800



EMERXENCIAS E FORZAS DE SEGURIDADE

Pontevedra e provincia

Emerxencias	112
Policia Nacional	091
Policia Local	092 / 986 851 972
Policia Autonómica	986 851 368
Garda Civil	062 / 981 167 800
Protección Civil	986 86 30 36 / 981 220 102
Cruz Vermella	1003 / 986 852 077
Bombeiros	986 433 333 / 986 872 220
Salvamento/Seguridade Marítima	986 845 300
Servizo de Defensa contra Incendios Forestais	986 851 520

Xerais

Garda Civil Tráfico	986 855 654
Axuda en estrada	917 421 213
Teléfono Teleruta	900 123 505
Servizo de Atención ao Soldado e Mariñeiro	915 270 527
Oficina do Defensor do Soldado	915 769 225
SOS Galicia 112	900 444 222
Salvamento marítimo	900 202 202
Incendios Forestais	085
Garda Civil	062



SAUDE

Pontevedra e provincia

Urxencias Médicas	061
Hospital Provincial	986 855 500
Hospital Montecelo	986 800 000
Sanatorio Domínguez	986 856 800
Sanatorio Sta. Rita	986 854 400
Persoas Discapacitadas	986 865 538

Xerais

Axuda ao menor, S.O.S. Galicia	900 444 222
Centro de Transfusións Sanguíneas de Galicia	981 594 422
Asociación Española Contra o Cancro	900 100 036
Información sobre a Sida	900 111 000
Mulleres maltratadas	902 197 197



OUTROS ORGANISMOS

Fenosa (Averías)	901 380 22
Repsol Butano	900 506 070
Renfe (información xeral)	902 240 202
ONCE	981 206 900



AEROPORTOS

Peinador Vigo	986 268 200
Lavacolla Santiago	981 547 501
Alvedro A Coruña	981 187 200



ESTACIÓNS DE TREN

Pontevedra	986 851 313
Vilagarcía	902 240 202
Vigo	986 431 114
Santiago	981 820 202
A Coruña	981 150 202



ESTACIÓNS DE AUTOBUSES

Sanxenxo	902 292 900
Pontevedra	986 852 408
Vilagarcía	986 507 723
Vigo	986 373 411



TÉLEFONOS DE CANDELACIÓN DE TARXETAS BANCARIAS DE ESPAÑA

4B-VISA Electron-Master Card-VISA	902 114 400 / 913 626 200
Dinner's Club	902 401 112
Servired (VISA-VISA Electron-Master Card)	902 192 100
American Express	902 375 637
Red 6000	915 965 335
Caja Madrid	902 246 810
El Corte Inglés	901 122 122



AVENIDA DOUTOR TOURÓN

A avenida do Doutor Tourón en Vilagarcía de Arousa rinde tributo á memoria de Manuel Tourón López, nado en Pontevedra en 1905 e veciño de Vilagarcía desde 1929, onde exerceu como médico. Foi un profesional de gran dedicación e humanidade, que lle mereceu un profundo aprezo dos vilagarcíans.

O seu falecemento, no mes de xaneiro de 1960, provocou un fondo pesar nos veciños entre os que pronto xurdiu a iniciativa de dar o seu nome a unha rúa de Vilagarcía. Quen daquela era alcalde, Jacobo Rey Daviña, propuxo nunha sesión plenaria da Corporación Municipal que a avenida que vai da Praza de España a O Piñeirño, na súa confluencia coa estrada de Cambados, se denominase no sucesivo Avenida de Manolo Tourón, argumentando que era o mínimo que a Corporación debía facer “para rendir a este magnífico e ilustre vilagarciano el póstumo homenaje al que con tantos merecimientos se ha hecho acreedor”. A moción foi aprobada por aclamación.

Cincuenta anos despois da súa morte, o pasado ano Manuel Tourón foi obxecto dunha homenaxe en Vilagarcía de Arousa, organizado para manter vivo o seu recordo.

COUSAS DE

SI QUIERES TRABAJAR CON NOSOTROS...
ENVÍA TU CV A cousasde@galicia.com





Teleservicio Instalaciones de Oficina, s.l.

MOBILIARIO DE OFICINA

Vilagarcía de Arousa

C/ Dr. Carus, 7 Bajo
36600 - PONTEVEDRA

www.teleservicio.net

Ni se imagina cuánto
podemos pagarle en efectivo
por su equipamiento usado



417.000 páginas en negro
18.000 páginas en color

Todo por 223,35 € + IVA/mes



SAMSUNG

ML-3471ND

5 impresoras láser monocromo

Velocidad de Impresión: 33ppm

Resolución de impresión: 1200x1200dpi

Memoria:

64MB estándar ampliable hasta 272Mb

Manejo de papel:

Cajón de 250 + 50 hojas desde bandeja MP



SAMSUNG

SCX-6322DN

1 multifuncional láser monocromo

Velocidad de Impresión: 22 ppm

Resolución: 600 x 600 dpi

Memoria: 64 MB

Manejo de papel:

Multicopia de 1-999, con posibilidad de interrupción, 1 Cassette universal 550 hojas, Entrada Manual 100 hojas, etc.



SAMSUNG

CLP-770ND

1 impresora láser de color

Velocidad de impresión:

32ppm Color/ 32ppm Mono,

Memoria: 256MB

Resolución de impresión: 2400x600dpi

Manejo de papel:

500 hojas estándar, más 100 hojas desde MP-Pantalla de 4 líneas retroiluminada

¡Llámenos y le informamos!

986 505 120

Esta es solamente una de nuestras propuestas
Solicite su oferta a medida

Con la colaboración de: **foga**

VITALDENT

VILLAGARCÍA DE AROSA

986 500 455

C/ Rodrigo de Mendoza, 6

Sistema

All On Four

Dientes nuevos en una
única sesión

Odontología General

Blanqueamientos

Ortodoncia Invisible

Tratamiento con férulas
transparentes
totalmente imperceptibles
Brackets Transparentes

Estética Dental

Carillas y Coronas estéticas

Implantología

Nanotecnología de Implantes
Implantología de Carga Inmediata



**24 Prestaciones
Gratuitas**

TODOS LOS TRATAMIENTOS EN LA MISMA CLÍNICA

Entregando este Cupón y realizando tu Primera Visita en nuestra Clínica Vitaldent de Villagarcía de Arosa, recibirás un exclusivo cepillo de dientes ELÉCTRICO de REGALO.

Nombre y Apellidos:

DNI:

Dirección:

Teléf:

Población:

Provincia:

Diagnóstico Gratis excepto urgencias con receta, ortopantomografía gratis en diagnóstico inicial.
Financiación sujeta a aprobación de la entidad bancaria.

PIDE TU CITA ON LINE

WWW.VITALDENT.COM

ABIERTO SÁBADOS TODO EL DÍA